

I. 4. GALICIA

Xosé GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Xefe do Servizo de Normalización Lingüística
do Concello de Redondela

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A) *Desenvolvemento lexislativo*

Decreto 243/1999, do 23 de xullo, polo que se determinan os nomes oficiais das parroquias pertencentes ós concellos de Abadín, Antas de Ulla, Baralla, Becerreá, Castro de Rei, Lugo, Monterroso, Palas de Rei, O Páramo, Portomarín, O Saviñao, Taboada e Vilalba (provincia de Lugo) (DOG núm. 161, do 20.8.1999).

A Lei de Galicia 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón no seu artigo 10 que os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega. O mesmo artigo establece no seu número 2 que lle corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. Tendo en conta esta disposición legal a Consellería da presidencia e Administración pública declara aprobados os nomes oficiais das parroquias pertencentes ós devanditos concellos.

Orde do 27 de xullo de 1999 pola que se determinan os nomes oficiais dos topónimos que se relacionan pertencentes ós concellos de Abadín, Antas de Ulla, Baralla, Becerreá, Castro de Rei, Lugo, Monterroso, Palas de Rei, O Páramo, Portomarín, O Saviñao, Taboada e Vilalba (Lugo) (DOG núm. 161, do 20.8.1999).

De acordo co mandato legal (Lei de Normalización Lingüística de Galicia), seguindo o procedemento establecido polo Decreto 132/1984, do 6 de setembro, para a fixación ou recuperación da toponimia de Galicia, e contando co preceptivo dictame da Comisión de Toponimia, emitido na sesión plenaria do día 16 de xullo de 1999, a Consellería declara aprobados os nomes oficiais dos topónimos que figuran no anexo desta orde, que afectan ós lugares dos concellos sinalados.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Fomento

Orde do 4 de agosto de 1999 pola que se resolve o concurso público convocado na Orde do 28 de xaneiro de 1999 (DOG do 9 de febreiro), pola que se regula a concesión de subvencións ás asociacións e institucións privadas sen fin de lucro e entidades análogas para fomentar o coñecemento e o uso social da lingua galega (DOG núm. 161, do 20.8.1999).

Esta orde publica a relación de asociacións e entidades ás que se lles concederon as solicitudes de subvencións (Anexo I) e a aquelas outras (Anexo II) ás que se lles denegaron por seren presentados fóra do prazo establecido.

Orde do 16 de setembro de 1999 pola que se fai pública a validación de cursos de especialización en lingua galega (DOG núm. 199, do 14.10.1999).

A orde do 26 de novembro de 1993, no seu artigo 2, establece que se lles validará o curso de especialización en lingua galega ós licenciados en filoloxía e ós diplomados en EXB polas escolas universitarias de formación do profesorado de EXB, que posúan os certificados do ciclo elemental e do ciclo superior de galego das escolas oficiais de idiomas. En virtude desta orde, concédese-lle a validación do curso de especialización en lingua galega ás persoas que se relacionan por reuniren os requisitos establecidos.

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

Fomento

Orde do 30 de agosto de 1999 pola que se convocan os cursos básicos, medio e superior de linguaxe administrativa galega para o cadro de persoal das corporacións locais (DOG núm. 1172, do 6.9.1999).

A exposición de motivos desta orde recolle toda a normativa que fai referencia á lingua galega como lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da Comunidade Autónoma...» (Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística).

Tamén fai referencia á Lei 5/1988, do 21 de xuño, de uso do galego polas entidades locais é a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, que no puntos 1º e 3º do seu artigo 7, dispón respectivamente: «O galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local», ó tempo que debulla o alcalde deste precepto : «As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, dictames das comisións informtivas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e tódolos actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais redactaranse en lingua galega.»

«A Xunta de Galicia impulsará o proceso de incorporación da lingua galega na Administración local, especialmente a través de programas de formación de funcionarios das entidades locais en lingua galega».

Os cursos que se convocan son:

A) Curso de nivel básico. Para acceder ós cursos de linguaxe administrativa galega de nivel básico é requisito indispensable ter aprobado ou validado o curso de iniciación.

B) Curso de nivel medio. Para participar neste curso haberá que acreditar ter realizado o curso de nivel básico ou outro equivalente.

C) Curso de nivel superior en linguaxe administrativa galega. Para poder solicitalo haberá que acreditar ter realizado satisfactoriamente o curso de nivel medio.

Orde do 30 de agosto de 1999 pola que se regula a concesión de subvencións ós concellos de Galicia para a normalización da lingua galega (DOG núm.175, do 9 .9.1999).

Dentro dos obxectivos da normalización lingüística no ámbito da Administración local comprendidos na Lei 5/1988, do 21 de xuño, de uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, están os mencionados nos seus artigos:

Artigo 1. «As convocatorias de sesións, ordes do día, votos particulares, propostas de acordo, dictames das comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia, redactaranse en lingua galega»;

Artigo 2.1. «Correspóndelle á Xunta de Galicia o pulo do proceso de incorporación da lingua galega na Administración local, moi especialmente a través de programas de formación de funcionarios en lingua galega»; e no punto 2º.2: «Sen prexuízo do anterior, a Xunta de Galicia adoptará as

medidas oportunas para que nos concursos de acceso de funcionarios á Administración local se garanta o coñecemento da lingua galega».

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, nos seus números 1 e 3 do artigo 7 dispón, respectivamente: «O galego como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local.

As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, dictames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos escrituras públicas, comparecencias xudiciais e tódolos actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais redactaranse en lingua galega».

«A Xunta de Galicia impulsará o proceso de incorporación da lingua galega na Administración local, especialmente a través de programas de formación de funcionarios das entidades locais en lingua galega».

Co fin de acadar estes obxectivos a Xunta de Galicia elaborou un plan integral de estudos dedicados ós funcionarios que presten os seus servizos nas corporacións locais galega, do que forman parte os cursos básicos, medio e de especialización, obténdose, ó remate destes, o título de traductor oficial de linguaxe administrativa galega, título que habilita, ós que o obtengan, para encargarse da tradución da documentación á que se refire o artigo 1 da Lei 5/1988, do 21 de xuño.

As subvencións concederanse para as seguintes modalidades:

1. Mantemento dos servizos municipais de normalización lingüística xa existentes.

2. Creación de novos servizos municipais de normalización lingüística, debidamente xustificados e sempre que exista crédito suficiente.

Organización de campañas co obxecto de logra-la normalización lingüística no concello.

Os servizos municipais de normalización lingüística contarán polo menos, cun especialista titulado en lingua galega (licenciado en filoloxía galego-portuguesa, en filoloxía galega ou mestre de EXB, co diploma de especialista en lingua galega).

Os gabinetes municipais de normalización lingüística deberán cumprir a seguinte misión:

a) Velar porque sexa aplicada a Lei de normalización lingüística de Galicia, no ámbito de actuación do concello correspondente, así como a Lei do uso galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais. As

accións máis importantes serán: confección en galego das actas, edictos, convocatorias de sesións, ordes do día, dictames das comisións informativas, mocións e traducións de tódolos impresos oficiais en lingua galega.

b) Ofrecerlle ó público asesoramento lingüístico para a corrección de textos galegos e para a súa tradución, se fose posible.

c) Impulsa-la normalización do galego nos diferentes ámbitos da vida pública.

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Fomento

Orde do 18 de xuño de 1999 pola que se resolve o concurso público convocado na do 12 de xaneiro de 1999 (DOG do 10 de febreiro), pola que se regula a concesión de subvencións a empresas editoriais para a edición de libros e materiais didácticos, para niveis non universitarios, impresos en lingua galega (DOG núm. 128, do 6 de xullo de 1999).

Esta orde regula a concesión de subvencións a empresas editoriais para a edición de libros e materiais didácticos, para niveis non universitarios, impresos en lingua galega. No anexo I relaciónanse as editoriais e a contía concedida para oproxectos, tamén, estipulados. Dispónse a desestimación dos proxectos que aparecen relacionados no anexo II por non acadar a prioridade suficiente de acordo cos criterios establecidos na orde do 12 de xaneiro de 1999. Así mesmo relaciónanse no anexo III «por non seren suxeitos desta convocatoria».

Orde do 13 de xullo de 1999 pola que se convocan subvencións a empresas para a produción audiovisual en lingua galega (DOG núm. 139, do 21.7.1999).

As subvencións convócanse mediante o réxime de concorrencia competitiva, para apoiar a realización de producións audiovisuais en lingua galega. (proxectos cinematográficos), videográficos ou multimedia). Poderán optar a estas subvencións as produtoras audiovisuais e empresas de produción multimedia legalmente constituídas como tales, con domicilio social en Galicia. As subvencións financiaranse mediante a correspondente aplicación orzamentaria por un importe de 60 millóns de pesetas para o exercicio de 1999.

Unha comisión asesora encargada de emitir os informes preceptivos, que condicionarán as subvencións, terá en conta os seguintes criterios:

a) Calidade do proxecto (grao de desenvolvemento, elaboración, axuste entre o proxecto e o orzamento, presentación e outras convocatorias de axuda).

b) Utilización de recursos de Galicia (persoal artístico, técnico e servizos instalados en Galicia, así como a rodaxe na Comunidade Autónoma).

c) Viabilidade do proxecto (grao de financiamento garantido, % de axuda solicitada, compromisos de distribución).

d) Capacidade empresarial do solicitante ou grupo de empresas que apoia o proxecto (facturación, proxectos realizados, persoal).

e) Calidade artística (orixinalidade e creatividade do proxecto).

O artigo 15 regula a contía das subvencións, que quedará determinada da seguinte forma:

1. Proxecto de curtametraxe: ata o 60 % do custo total.
2. Proxectos de longametraxe: ata o 40 % do custo total.
3. Proxectos de vídeo-creación: ata o 60 % do custo total.
4. Proxectos de documentais: ata o 60 % do custo total.
5. Proxectos de programa pilotos de series de televisión: ata o 50 % do custo total.
6. Proxectos de produción multimedia: ata o 60 % do custo total.

I.5. PAÍS VALENCIÀ

(*Diari Oficial de la Generalitat Valenciana* de juliol a desembre de 1999)

Mercè TEODORO

Advocada

Aquesta *Crònica* abasta el període compès entre juliol i desembre de 1999, temps durant el qual no s'ha produït, pel que fa a la matèria lingüística, cap canvi significatiu al panorama legislatiu valencià.

Lamentablement serà, doncs, la crònica d'una legislació definida per tres notes: escassetesa, continuïsmes i secessionismes lingüístic. En efecte, si exceptuem les publicacions de les incidències de la Junta Qualificadora de Coneixements de Valencià, les normes publicades al *Diari Oficial de la Generalitat Valenciana* es redueixen a la catalanització dels noms d'alguns municipis —fet que no és degut a l'interès de la Generalitat per normalitzar la toponímia sinó mèrit dels municipis afectats, per descomptat—, a la